

Fidalgos das Mariñas: Os Leis de Lema e Mondoi

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

I.-INTRODUCCIÓN

O presente traballo¹ ten como finalidade básica facer un achegamento a unha das familias fidalgas prototípicas das Mariñas dos Condes (Betanzos) e dos Freires (Cambre). Neste caso, os Leis foron elixidos porque ainda son lembrados como antigos fidalgos e porque, a permanencia en Betanzos de parte da familia, pode permitir un estudo de máis longa duración dentro do mesmo ámbito.

A nosa pretensión é descubrir o seu poder económico, social e mesmo político, se os documentos e o tempo o permiten; ver como evolucionaron e cales foron as estratexias básicas de reproducción dese poder.

Non sempre será posible cumplir estes obxectivos tan ambiciosos, pero, polo menos, esperamos que queden trazadas algunas liñas a seguir no futuro.

II.- OS PRIMEIROS LEIS E A CONFORMACIÓN DOS BENS DE LEMA

Iniciar o relato de como os Leis foron pouco a pouco gañando poder económico e social mediante herdanzas, matrimonios ben planificados, compras, etc., resulta difícil facelo antes do s. XVII, pero algunas puntadas nesa tea se poden dar².



Escudo heráldico cortado das Torres de Lema (Brexo, Cambre) cos emblemas dos Leis (en campo de prata unha árbore de sinople con dúas e tres lanzas ós lados) e dos Ponte (en campo de gules, cabeza de lobo de sable, sobre ponte de prata). Son armas de D. Juan de Leis y Ponte, o pai ou o fillo (co mesmo nome e apelidos) da 1ª metade do s. XVII. O neto do 1º, D. Antonio de Leis Moscoso y Ponte uniría por casamento Lema e Mondoi. Foto: Erias.

*Alfredo Erias Martínez é director do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos, así como do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino.

¹Para a redacción deste traballo agradezo os consellos do Profesor D. Luis Domínguez Castro.

² Utilizaranse neste apartado os datos dunha xigantesca árbore xenealóxica que xentilmente puxo á nosa disposición dona Amalia Leis Bugallo, farmacéutica de Betanzos, complementados por outros do libro de don Carlos MARTÍNEZ-BARBEITO, *Torres, Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña*. La Coruña, Diputación Provincial, 1978, pp. 211-212. Tamén, CRESPO DEL POZO O. M., José. Santiago. *Historia de Galicia*, v. XXI. Bilbao, La Gran Encyclopédia Vasca, 1983, p. 154.



Ruinas das Torres de Lema (Brexo, Cambre). Foto: Erias.

A finais do s. XV temos noticias dun tal **Martín de Leis Caamaño** e da súa muller **Mayor Núñez**, que son donos das casas de Mordomo (parroquia de Santiago de Traba, actual concello de Laxe) e Berdoias (San Pedro de Berdoias, concello de Vimianzo). O seu fillo, **Fernando de Leis**, casou con Urraca Ares, aparecendo como donos da casa de Santa María de Serantes, actual concello de Laxe: uns topónimos que nos soarán insistentemente ó longo dos séculos seguintes, porque no s. XX áfnda os Leis manterán bens alí.

Seguiralles na sucesión o seu fillo **don Francisco Ponte de Leis**, capitán, que casou con **dona Teresa de Ponte**. O fillo deles, **don Juan de Leis y Ponte**, casou con **dona María Martínez de Lamas** (viúva de **don Fructuoso González de Saavedra**): sábese tamén que foi mellorado por seus pais en tercio e quinto, segundo testamento de 1586. Pero o importante é que este matrimonio xa aparece como dono da casa de Lema, en alusión ás «torres» dese lugar (hoxe en total ruina) na parroquia de San Paio de Brexo, no actual concello de Cambre.

Deste matrimonio coñécense varios fillos³, pero aquí interésanos só o varón maior, o herdeiro, que se chama igual que seu pai, **don Juan de Leis y Ponte**. Naturalmente, segue a ser dono da casa de Lema e, polo seu matrimonio con **dona María Vermúdez de Moscoso**, vemos por primeira vez bens na parroquia de Santa María de Noicela (hoxe concello de Carballo), posto que ela nacera na casa da Pereira.

O seu fillo, o capitán **don Antonio de Leis Moscoso y Ponte**, non só herda os bens da casa de Lema, senon que, polo seu casamento con **dona María Pardo de Andrade**, convertirase ademais no poseedor (o segundo, logo do 2º fundador) do vínculo e morgado de Santa Cruz de Mondoi (actual concello de Oza dos Ríos). Tamén aporta ela o morgado, herdado dos **Alborja**, de Vilacoba, na parroquia de Santa María de Restande (concello actual de Trazo) que máis tarde veremos asimilado ó «partido» de Lema.

³ Algunxs deles (en datos de D. Carlos Martínez-Barbeito, *op cit.*) son: **dona Francisca**, que casou con **don Rodrigo de Figueroa** e deles proceden os señores de **Vilardefrancos**; **dona María**, que casará co capitán **don Lorenzo Bermúdez de Castro**, sendo antecesores dos **señores da Penela**, e **dona Petronila**, monxa no mosteiro de Santa Bárbara da Coruña.

Como non atopamos unha relación deses tempos (s. XVII) que nos pormenorice os bens de Lema, non temos, de momento, máis remedio que dar un salto ata mediados do s. XIX⁴ onde vemos que en todo o «partido» de Lema hai 11 lugares (por definición, cada un consta de casa e terras) máis outros bens dispersos en 15 parroquias, nunha vila e nunha cidade. A isto hai que engadir as rendas forais e eventuais, como bens en si mesmas. En canto á extensión de terras se refire (labradós, viñas, prados e montes), abarcaba 5.180,9 ferrados de centeo, o que equivale a 225,88 Hectáreas⁵.

III.- A FORMACIÓN DO «VÍNCULO Y MAYORAZGO» DE MONDOI

Aló polo s. XV sabemos da existencia de **Fernando de Abillón**, casado con **Mencía de Andrade**, que tiveron por fillo a **Juan de Ponte**, nado en San Martín de Andabao (actual concello de Boimorto), que casará con **María de Mura**. Os dous pasarán a vivir ó pazo de Santa María de Cutián (parroquia do actual concello de Cesuras).

O seu fillo, **don Nuño de Ponte** aparecerá xa en Santa Cruz de Mondoí, logo do seu casamento con **dona María Rodríguez da Rigueira**. Ésta procedía da casa de Parada⁶. A súa filla, **dona Inés Rodríguez de Ponte y Andrade** casará tamén en Mondoí con **don Gonzalo de Esporas**⁷. Teñen varios fillos, dos que só coñecemos tres e que sempre evitan figurar co apellido do pai, quizais por pouco noble⁸: **D. Gonzalo Yáñez de Ponte**, colexial do Colexio de Santa Cruz en Valladolid e



Escudo heráldico cuartelado da parte más antigua do Pazo de Santa Cruz de Mondoí (Oza dos Ríos) cos emblemas dos Ponte, Andrade (en campo de sinople, banda de ouro, engolada en cabezas de dragantes tamén de ouro), Figueiroa (en campo de ouro, cinco follas de figueira, de sinople) e Freixomil (en campo de ouro, bandas -aquí son barras- de gules e enriba un freixo de sinople). Son armas, probablemente, de D. Juan Rodríguez de Ponte y Andrade (fundador do Iº vínculo de Mondoí), fillo de Dª Inés Rodríguez de Ponte y Andrade e neto de D. Álvaro Fraguío Freixomil... Primeira metade do s. XVII. Foto: Erias.

⁴ 1847-53: «Yllmo Sr. D. José González Maldonado de la Villa y Corte de Madrid, con La Sra. Doña Benigna Cordido viuda del Sr. don José de Leis como madre Tutora y Curadora de su hijo, sobre La división y partida de los vienes del don José». AMB. c. 3.652.

⁵ Unha referencia da partilla de 1847-53 permitenos precisar as superficies: «... lleva en sembradura siete ferrados medida de Centeno de seiscientas veinte y cinco baras cuadradas, la misma que se há empleado en todos los demás bienes de esta herencia, y que no se repetirá por ebitar prolijidad [cada ferrado equivale a 436 m² e cada ferrado ten 24 cuartillos de 18,16 m² cada un]...» *Op. cit.*, AMB. c. 3.652.

⁶ Eran seus pais, **don Juan Rodríguez da Rigueira** e **dona Sancha Prego**, da casa de Parada. Esta casa herdáraa dona Sancha de seus pais, don Fernando Prego e dona Marfa de Miguel. Parada, no actual concello de Oza dos Ríos e cerca de Mondoí, será, desde logo unha parroquia que veremos no sucesivo porque manterá secularmente bens ligados ó pazo de Mondoí.

⁷ Era éste fillo de **don Alvaro Fraguío Freixomil** e **dona Beatriz de Andrade**, naturales de Santa Cruz de Mondoí.

⁸ Non hai que esquencer que había que demostrar o carácter de nobleza para cuestiós como entrar nos colexios universitarios, algo que, polo que se ve, fixeron algúns destes fillos.

coengo maxistral de Santiago; **Frai Diego de Ponte**, comendador do convento de mercedarios de Santa María de Conxo...

Un destes fillos ten para nós un interés especial porque fundaría o primeiro vínculo de Santa Cruz de Mondoí na primeira metade do s. XVII. Trátase de **don Juan Rodríguez de Ponte y Andrade**, nado en 1590 en Santaia de Leiro, e que sería colexial de Fonseca, coengo en Santiago e consultor do Santo Oficio da Inquisición. A este vínculo agregaríanse bens de **dona María de Ponte** e tódolos que tiña **don Pedro Pardo de Andrade**⁹. Éste, sobriño de **don Juan** (polo que don Juan tiña máis irmáns que non coñecemos) e como el tamén nado en Mondoí e coengo na catedral de Santiago, fundaría con todos esos bens que herdou e más cos que herdou de seus pais (que non coñecemos) e os que el mesmo mercou, un novo «vínculo y mayorazgo» (co mesmo nome «de Santa Cruz de Mondoí») o 18 de setembro de 1652 diante do escribano de Santiago, **Domingo de Leirado**, e diante tamén do Cabido da Catedral. A fundación foi ratificada na escribanía do sucesor de Leirado, **Antonio de Castro**, mediante un «cobdicilio vago que fallecio», outorgado o 6 de xaneiro de 1664¹⁰. Desde este momento, os documentos aludirán case sempre a esta última fundación e a **don Pedro Pardo de Andrade** como «el fundador del vínculo»¹¹.

A relación dos bens que entran no vínculo de Mondoí nese ano da súa refundación (1652)¹² acércannos non só á composición do vínculo economicamente considerado, senón tamén á psicoloxía dun coengo que semella ter como actividade fundamental sobre a que xira a súa vida a de acaparar terras e rendas alí onde pode, xa sexa por herencias ou por compras.

Se se trata de herencias, raramente constata este dato e mesmo chama a atención que, cando suliña isto nun caso, sexa para engadir que polos gastos que tivo no enterro (que semella esaxerar), os bens quedan por el mercados. Pensariamos que se trata de pouca cousa, pero non, porque, acto seguido, non se recata en ensalzar a súa importancia. É evidente que quere pasar á historia como o fundador do vínculo, esquençando ó seu tío **D. Juan**, que foi verdadeiramente o primeiro que o fundou. Dese xeito, explícase o seu interés por aparecer como comprador da maior parte dos bens e non como herdeiro¹³:

«... el lugar de Verdelle sito en dicha feligresía de Gorriñas [sic., debe ser Borrifás] según lo heredé del **Licenciado Sebastián Sánchez de Andrade**, y, sin embargo de la herencia en sus deudas, y funerales gasté mas de cinco mil Rs. con que vine a comprar la acienda. Este lugar tiene mucha cantidad de montes, y heredades labradías, prados, dehesas, soto, y molino y mucho mas anexo, y perteneciente, y con las heredades que compré a los **Vazquez**, que andan con dicho lugar...»

Por conseguinte, coñecemos mellor as súas compras. Para empezar, diremos que dos 18 lugares que vemos na súa fundación, 11 deles (o 61,1%) figuran como mercados por el. A isto hai que engadir outras «heredades» en diversas parroquias.

O que queda claro é que os lugares da parroquia de Mondoí, núcleo antigo do vínculo, herdounos, polo que a súa actividade mercadora moveuse máis polas parroquias próximas, sobre todo cara ó sul.

⁹ «don José de Leys con don José Cabezas sobre nulidad de una escritura de foro», ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 27v.

¹⁰ *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 3rv.

¹¹ Di don Pedro Pardo de Andrade: «Yten digo, que por quanto avinculé todos mis vienes, así los míos como los que fincaron del Señor Canónigo Ponte los cuales é restaurado, y defendido, quiero que anden agregados a los míos...» *Op. cit.* ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 27v.

¹² *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n. 26, fs. 12v-25v.

¹³ *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442/26, f. 22v.



Pazo de Santa Cruz de Mondoí (Oza dos Ríos). Ó fondo, edificio da primeira metade do s. XVII (probablemente do "ANO 1647" como di unha inscrición da porta da muralla). En primeiro termo, engadido de 1887 realizado por D. Agustín Leis Cernadas. O escudo tróuxoo D. Agustín Leis Bugallo dunha casa de Mandaío, ó parecer. Foto: Erias.

E como complemento ó seu poder, sentiu a necesidade de mercar e reedificar unha casa en Betanzos (a mesma na que hoxe vive a familia Romay e antes fora dos Becaría, a quen lla vendera D^a M^a Lissarrague Leis), no lugar daquela máis relevante socialmente:

«Yten situo en dicho vínculo una casa que compré, y fabriqué en la Ciudad de Betanzos con sus dos altos, vodega, tienda y vastardo subiendo a la plaza de dicha ciudad, enfrente la casa que fue del Rexistor Alonso Ares»¹⁴.

Hai que ter en conta que en Compostela tiña xa unha casa na Algalia de Arriba e, desde logo, contaba coa casa principal de Mondoí:

«Primeramente señalo por cabeza de vínculo, y Mayorazgo la mi Casa grande alta y vaja sita en la feligresía de Santa Cruz de Mondoy con sus corrales, y salidos, guertas, arboles, y plantados, y todo lo demas a dicha casa anexo, y perteneciente, y en particular con su guerta, y cortiña circundada de muro acia al bendabal junto a la misma Casa, con sus arboles, y plantños de qualquiera manera que los tenga...»¹⁵

Por se todo isto fora pouco, mercou tamén foros, censos e sinecuras. Relacionanse 17 foros, dos que, polo menos 4, mercounos, o que quere dicir que os 13 restantes, dos que non se indica a procedencia, herdounos.

Os bens aforados son case sempre terras e están nas parroquias próximas a Mondoí. Só pagan en cartos os foros que ten en vilas e cidades: cidade de Compostela e vilas de Padrón e de Ribadavia. Son éstes relativos a casas, salvo no caso de Padrón que se trata dun terreo polo que **D. Pedro** ten que pagar, á súa vez, foro ó convento de Conxo: é dicir, que el o que fai e subforalo.

¹⁴ Op. cit., ARG, leg. 14.442/26, f. 20.

¹⁵ Op. cit., ARG, leg. 14.442/26, fs. 12v-13r.



Esa casa da Rúa do Castro de Betanzos "con sus dos altos, vodega, tienda y vastardo" e con escudo na cima é a que mercou e reedificou o coengo D. Pedro Pardo de Andrade y Ponte a mediados do s. XVII e del pasou por sucesión do vínculo ós Leis. Hoxe é da Familia Romay.

Vexamos o que ten en Ribadavia:

«Yten en caso que los Señores Ilustríssimos Dean, y Cavildo no recivan para cumplimiento de Aniversario que dexo situado en mi horno, y casas de la villa de Ribadavia, y quieran antes pagarle en 600 ducados de lo que importa mi media anata de resagos, en tal caso quiero, nombre, y situo en dicho vínculo diacho horno con sus casas alta y vaxa y casa de leña lobio y guerta y salidos por que me pagan 30 ducados de renta menos 3 reales que se dan a la Villa de Ribadavia por el sueldo aunque por las escripturas, no consta ser mas de uno y me costo 400 ducados de plata»¹⁶.

Tódolos foros lle proporcionan ó ano 64 ferrados de centeo e 42 de trigo, ademais de 130 ducados e 2 galiñas.

En canto ós censos (préstamos hipotecarios sobre bens, cos correspondentes intereses anuais), salvo douos que ten na cidade de Betanzos, os demais non saen da área campesiña que vai de Mondoí cara ó sul.

De 10 casos, só nun documentamos a súa compra por **D. Pedro**:

«112 ducados de principal de censo que compré al rexidor Pedro Sánchez Pardo en Santiso de Avegondo en cuyos vienes esta metido don Antonio González de Parga que es el lugar de Pastoriza, y otros vienes»¹⁷.

É un caso claro en que non se presta primeiro e se recibe a renda despois, senon que se compra a propia renda ó prestamista: estamos na febre dos rendistas en toda España, cando recibir moitas rendas non só se consideraba como un beneficio económico, senon que ademais era sinónomo de alto prestixio social (vivir de rendas era consustancial á categoría de noble). E ó noso coengo importáballe moito o prestixio.

¹⁶ Op. cit., ARG, leg. 14.442/26, f. 25r.

¹⁷ Op. cit., ARG, leg. 14.442/26.

Sabemos que ten prestados máis de 639 ducados e só en dous casos coñecemos os réditos anuais: por 200 de «principal de censo» recibe 10 ducados, e po 50 recibe 2,5 (interés do 5%, que era o nominal). San Estevo de Cos (estes exemplos), Mondoí e San Tirso de Mabegondo son as parroquias onde ten máis cartos en censos.

Polo que se refire ás sinecuras, ten 3: unha herdouna de seu pai e as outras mercounas:

«mi sinecura Patrimonial, quarta parte de todos sus frutos mayores, y menores del beneficio Curado de San Xiao de Casas, Obispado de Mondoñedo, que vale 20 cargas de pan cada año con otras menudencias de todo género, y con todo lo mas a ella anexo, y pertenesciente segun está en el obispado de Mondoñedo, una legua mas acá de Villalba, según lo heredé de mi padre.»

«La octava parte sincura del beneficio curado de San Pedro de Porzomillos que renta 6 cargas de pan de renta, y una pipa de vino un año con otro segun la adquirí del Licenciado Juan Freire con todo lo a ello pertenesciente.»

«La mi sincura Patrimonial del beneficio Curado de San Pedro de Borrifás que es un Dozavo y medio quarto de todos dos [sic.] diezmos de dicho beneficio, y Eclesiasticas derechuras, segun lo adquirí de Sebastian Sanchez Escrivano.»¹⁸

No que respecta á herencia deste vínculo, hai que dicir que **don Pedro Pardo de Andrade** tiña, polo menos, catro irmás: **dona Constanza Pardo**, que debeu morrer pronto sen fillos, posto que eran éstes os que deberían herdar o vínculo; **dona María Pardo**, que xa dixemos que casa con **don Antonio de Leis Moscoso y Ponte** e que herdará o vínculo e morgado de Mondoí; **dona Benita Pardo** e **dona Antonia Pardo**.

Polo tanto, vemos que a partir daquí se agregan os bens de Lema ós de Mondoí, nun vínculo cada vez más importante xeográfica e economicamente. Seguirá chamándose «de Santa Cruz de Mondoí», pero a efectos administrativos, por máis que todo sexa dun só poseedor, manterá sempre a distinción de orixe mediante a fórmula de «partido de Lema» e «partido de Santa Cruz de Mondoy».

III.- XEOGRAFÍA DO VÍNCULO

Antes de seguir cos problemas derivados da poseión e sucesión dun territorio de tanta importancia, é preciso, siquera sexa someramente, expoñer de que espacio estamos a falar.


O «partido de Lema», tal como chega a mediados do s. XIX aparece en núcleos moi distantes uns dos outros, sen dúbida debido máis a herencias desde a baixa Idade Media que a unha vontade unificadora do territorio.

En primeiro lugar chama a atención os bens que existen nunha serie de parroquias que fan arco arredor da que se cita como casa orixinaria dos Leis: a Torre de Bacariza na parroquia de Santiago de Berdeogas, concello de Dumbría, cerca de Corcubión¹⁹. Son éstas: San Pedro de Xallas (concello actual de Negreira) e máis ó Norte, a vila de Laxe, Santiago de Traba, Santa María de Serantes (todos estes do actual concello de Laxe) e San Xoán de Borneiro (concello da Cabana).

De Xallas cara ó interior: Santa María de Chaián, San Vicente de Vilouchada, Santa María de Restande (todas do actual concello de Trazo) e Santa Aia de Gorgullos (Tordoia).

¹⁸ *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442/26.

¹⁹ CRESPO DEL POZO O. M., José. *Op. cit.* p. 154. Este autor, remitíndose ó Arquivo de Camarasa-Cillobre (leg. 2, n. 58), conta: «Debieron ser muy antiguos por aquella zona, pues ya en 1540, Gómez Pérez das Mariñas, ante el escrivano] Pedro Sánchez, hizo averiguaciones contra Lopo de Leis, por las que acreditó ser dueño de la jurisdicción civil y criminal del coto de Berdeogas, a la cual demostró que ningún derecho tenía el Lopo de Leis».



Se seguimos de Laxe pola costa cara ó Noreste, aparece illada Santa María de Noicela (Carballo) e máis ó leste o que é o núcleo principal deste «partido» arredor das Torres de Lema: San Paio de Brexo (onde están estas Torres), San Cibrao de Brives, San Salvador de Cecebre, Santa María de Cambre (todas do concello actual de Cambre), Santa María de Rutis (Culleredo) e bens na cidade da Coruña.

Teñen tamén bens en «Santa María de Alvedron», que é unha parroquia illada do concello actual de Antas de Ulla, a menos que se trate do lugar actual de Alvedro (parroquia de San Xiao de Almeiras, Culleredo) que figura no Dicc. Madoz como capital do concello do seu nome a mediados do s. XIX.

O «partido de Santa Cruz de Mondoí» ten unha lóxica xeográfica moito maior, derivada dunha vontade expansionista a partir da casa principal. O feito de contar cunha relación de bens do vínculo de **don Pedro Pardo de Andrade** e de ter o mesmo para mediados do s. XIX, permitéños ademais sacar algunas outras conclusións.

As parroquias que vemos no s. XVII van caendo de Norte a Sul: cidade de Betanzos; Santa Cruz de Mondoí, San Pedro de Porzomillos, Santa María de Cuiña, San Estevo de Parada e San Pedro de Oza (todas do actual concello de Oza dos Ríos); San Salvador de Colantres, Santa María de Ois e San Xiao de Coirós (concello de Coirós); San Estevo de Cos e San Tirso de Mabegondo (Abegondo); San Xiao de Mandaio, Santa María de Dordaño e San Pedro de Borrifás (Cesuras); San Martiño de Cabrui (Mesía); San Estevo de Avellá (Frades); San Vicente de Arceo, San Martiño de Andabao e San Simón de Rodeiros (Boimorto); Santa Cristina de Folgoso (Sobrado); San Vicente de Burres (Arzúa); Santiago de Compostela, onde estaban as casas do coengo **don Juan Rodríguez de Ponte**, que herdou **don Pedro Pardo de Andrade**... E, xa fóra dunha lóxica xeográfica, este vínculo de 1652 contiña tamén, como xa vimos, bens nas vilas de Padrón e de Ribadavia.

Da comparación co vínculo de mediados do s. XIX conclúese que, en esencia as parroquias onde están os bens son as mesmas, áinda que hai excepcións que debemos suliñar, entre outras cousas porque nos falan de que máis aló da teoría xurídica do vínculo, no que os bens estaban amortizados, existiron cambios na propiedade, áinda que os innumerables pleitos poderían explicalos, polo menos nalgúns casos.

Por exemplo, non sabemos que pasou cos bens de San Estevo de Cos, que non aparecen no s. XIX, como tampouco os de Avellá, Cabrui, Burres, Padrón e Rivadavia. Da impresión de que, co paso do tempo, houbo un desprendemento, por medios que quedan escuros, daqueles bens de lugares máis alonxados de Mondoí e, polo tanto, de máis difícil control.

Non ofrece, en cambio, ningún problema xurídico o proceso de agregación de bens ó vínculo (xa sexa por compras ou por herencias) e, neste caso, entre o s.XVII e o s.XIX, vemos bens nas seguintes novas localidades...: Santa Aia de Probaos (Cesuras), Santa Aia de Arca (O Pino), vila de Noia e cidade de Pontevedra. Se ben Santa Aia de Probaos está pegada ó núcleo principal na súa expansión sur, probablemente o resto son herencias do s. XVIII.

IV.- AS CARACTERÍSTICAS LEGAIS DO VÍNCULO

Don Pedro Pardo de Andrade funda o «vínculo perpetuo y Mayorazgo» coa prohibición de «toda clase de foros y enagenaciones». É dicir, non se pode aforar, nin vender, etc. Polo

menos esta é a teoría xeral. Tampouco se pode embargar por débedas. Só está destinado a medrar mediante agregacións de bens, tal como se deseñara desde a Baixa Idade Media²⁰. Nin que dicir ten que o vínculo era un privilexio fundamentalmente dos nobles e foi creado para asegurar un bo soporte económico a este estamento con obxecto de que poidera distinguirse: pazos, blasóns, boas roupas, carrozas, criados, vasallos... A realidade sería diversa e haberá tamén fidalgos pobres, pero o vínculo e morgado tendeu a impedir isto: o crecente poder dos Leis (como o de tantos outros en Galicia) desde o s. XVII ata mediados do s. XIX deberase precisamente a esta figura xurídica. Será daquela, coa lei de desvinculación de Espartero de 1841 cando o vínculo desapareza e con el as múltiples e sucesivas herencias irán desintegrando os bens desa familia.


Nin que dicir ten que na lóxica do vínculo está en primeiro lugar a estratexia dos matrimonios. Casarse no Antigo Réxime obedecía moi pouco á paixón amorosa e, non digamos se quen se casaba tiña moito que perder ou, mellor, que deixar de gañar. Pero nadie busque nestas actitudes meditadas un maquiavelismo escuro: as estratexias eran claras e aparecían publicamente assumidas ante notario moito antes dos casamentos (como veremos no testamento do noso coengo **don Pedro**) e mesmo pouco antes de levárense a cabo, mediante as dotes, que non responden a outra cousa que a un evidente pacto previo de intereses económicos entre familias. Era algo que estaba na sociedade en xeral, de tal maneira que o normal era que os casamentos fosen pactados polos pais: a rebeldía amorosa, que tamén a había, debeu ser excepcional²¹.

Naturalmente, o problema fundamental para que o vínculo medrase estaba na boa elección dos sucesores da posesión e, por iso, é aquí onde as prevencións de **don Pedro Pardo de Andrade** se fan especialmente meticulosas, seguindo por outra parte unha tradición e un espírito extendido na nobleza e fidalguía da época. O sucesor tiña que ser varón preferentemente e fillo de lexítimo matrimonio, descartándose unha serie de posibilidades (fillos de monxa, fraile, etc.) que tamén nos fala de que aquela sociedade distaba moito de atarse ás estrictas reglas deseñadas polos estamentos que detentaban o poder²².

²⁰ O dereito a enumerar certos bens que se deixan en herencia para que non poideran ser enaxenados polo herdeiro, que desta maneira estaba obligado a transmitilos ó sucesor intactos e nas mesmas condicións, xa aparece con Alfonso X na lei 44, título 5 da partida 5. A súa expansión, nembargantes, terá lugar a partir das Leis de Toro, de 1505.

²¹ No 1747 en Betanzos don Diego de Ribera enfrentouse nunha «querella» nada menos que a seu paí, don Bernardo de Ribera, rexidor e alférez maior da cidade, quen concertara, en contra dos desexos do fillo, o seu matrimonio con dona María Antonia Pardo, filla do tamén rexidor don Diego Antonio Pardo de Andrade. Por respeito ó pai, don Diego visitou con frecuencia á moza e, polo que parece enamoráronse. Pero o problema non estaba ai evidentemente, senon noutro feito máis prosaico: o que o pai da dona María lle negase a ésta os 5.000 ducados de dote concertados, coa disculpa de que xa era herdeira do seu vínculo. Isto enfadou moito ó pai do mozo e prohibulle o casamento, ata o punto de que o levou secuestrado «... casi desnudo, por hir solo en chupa, tabardo o bata de paño...». Como se dunha novela rosa se tratase, don Diego escapou, protexeuse no convento de Santo Domingo de Betanzos e, finalmente logrou casar coa súa amada. ACNL.C. P/2547, f. 20 e ss. VAQUERO LASTRES, Berta. «La fidalguía en Betanzos en el s. XVIII: La familia y la vivienda». En: *Anuario Brigantino* 1986, n.º 9. Concello de Betanzos (A Coruña), 1987, p. 56.

²² "... el subcesor, y los Descendientes del que fueren subcediendo ó si pasare a otra linia por alguna causa, sea Barón nacido de legítimo Matrimonio, y no pueda subceder ninguno que no lo sea, aunque sea que llaman hixos de gracia nacido de soltero, y soltera ni de muger casada, ni de Clérigo, ni flaire, y que si tal subcesor no tubiere mas de un hijo barón ese suceda, pero si tubiere mas pueda elijir de todos sus hijos Barones el que le pareciere de mas aumento, y conservacion de la Hacienda, sin que el hixos mayor pueda pretender mas derecho que el menor, y entiendan todos que ninguno tiene la subcesion segura sino el que mas fuere gusto de su Padre...». *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n.º 26, f. 9v-10.



Se non había máis remedio e tiña que suceder unha filla, o problema matrimonial agudizábase, precisamente pola desigualdade con que a lei trataba á muller en relación co home, pasando de feito ese de fóra a detentar a posesión efectiva do vínculo, por máis que o fixera no nome da súa muller. Por iso, neste caso, as prevencións son máximas, áinda que, por extensión, se apliquen tamén ó sucesor varón:

“... Y en caso que el Padre no quisiere elijir, y se muriere sin dejar electo sucesor en este caso subceda el mayor en dias, y el Baron prefiera a la Embra aun que ella sea mayor, y no haviendo ningun hixo Baron quiero subceda hixa con la misma elección de Padre, y Madre excoxiendo la mas aproposito, la qual elijida no se pueda casar sin licencia de Padre, y Madre, y del consexo de otros tres parientes mas ligados, y lo mesmo el hixo y si el que fuere elixido se casare sin estos requisitos quiero pierda la sucesion, y pase a otro hixo ó hixa que elijieren los Padres en tal manera que aora se[a] hijo unico o hija unica la que sucediere ó electo ó electa quiero que no se case sin licencia de sus Padres, y no los teniendo de sus curadores y de otros tres parientes mas llegados de linaxe ansí Paternos, como Maternos, por quanto muchos hixos ó hijas casandose sin el tal orden, y licencia suelen empobrecerse...”²³

O sistema sucesorio establecido é pois absolutamente coactivo: se algún fillo é designado sucesor, non pode en modo algúin casar con alguém que non sexa previamente aceptado polos pais ou, se non os tivera, polo seu tutor ou eses «tres parientes mas

²³ Op. cit., ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 10rv.

llegados» que compoñerían unha especie de consello de familia. En calquer caso, os intereses sempre prevalecerían por riba dos sentimientos e os mozos a casar aceptarían de bo grado, porque senón o castigo era claro: perderían a sucesión.

Naturalmente, tiña que haber unha xustificación para todo isto e é terminante: se se casan «sin el tal orden» presupónse que se empobrecerían, e isto, aínda que non se explique nos documentos, fá en contra da honra e dignidade coa que se consideraba debía vivir un noble ou fidalgo. Por iso, o vínculo é intocable, sendo o seu destino únicamente medrar²⁴.

A condición de nobleza e da conseguinte limpeza de sangue era algo obrigado para unha candidata ou candidato a casar cun sucesor do vínculo, porque o fundador (o coengo **don Pedro**) prohíbe que o sucesor case con fillos de pais que tiveran «oficios mecanicos» ou «de abantal», situando este impedimento ó mesmo nivel que o feito de ser moro, xudeo, etc.²⁵

Todas estas previsións (comúns no sistema de avinculación) tiveron no decorrer do tempo o efecto desexado, isto é: o casamento dos sucesores (sempr varóns) con mulleres de familias fidalgas de similar poder. Dese xeito, o vínculo foi medrando ata chegar ó desacoungante século XIX.

Certamente, tódalas medidas de precaución tomadas por **don Pedro Pardo de Andrade** no 1652/1664, ben asesorado polos doctos escribanos de Compostela, non foron capaces de prever un feito novo no proceso de sucesión: a revolución liberal do s. XIX coas conseguintes leis de desvinculación e mesmo algúns conatos de rivalidade política entre os propios Leis.

V.- A SUCESIÓN DO VÍNCULO DESDE FINAIS DO S. XVII


A maneira de sucesión deixouna clara **D. Pedro Pardo de Andrade**:

«Yten digo, que por quanto avinculé todos mis vienes, ansi los míos como los que fincaron del Señor Canonigo Ponte, los quales é restaurado, y defendido, quiero que anden agregados a los míos, y todos en forma de vínculo de manera que no se puedan separar sino que todos ellos anden juntos, y agregados á los míos, en una sola persona que será el subcesor de la Capilla de Nuestra Señora de la O que se ha de hacer en la Yglesia de Santa Cruz de Mondoy en que han de subceder los descendientes legítimos de Doña Costanza Pardo mi hermana y estinguida esta linea los descendientes de Doña María Pardo muger de Don Antonio de Leys, y esta distinguida [sic.], los descendientes de Doña Benita de Andrade, y despues desto los que conforme a derecho, y leyes destos Reynos tocare la dicha subcesion»²⁶.

²⁴... Yten es condicion que dichos bienes así avinculados, ni parte dellos no se puedan confiscar por el Santo Tribunal de la Ynquisicion por ningun delito que cometra el tal subcesor, ni por deudas, ni enpeños, ni por crimen lesit Mayestatis, ni quentas, ni oficio de ley ni concexiles por que antes tres días que tales 6 símiles delitos se cometan le privo de la tal subcesion, y vínculo...» *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 11.

²⁵... Yten es condicion que el tal subcesor no se pueda casar con persona que no sea christiana viexa legítima de quatro Costados, y que no sea descendiente de moro, judío ó reconciliado, ni descendiente de otra xeneracion, y secta como son Gafos ó de otros males contagiosos ni se case, ni pueda casarse con descendientes de Padres que hayan tenido oficios mecanicos, ni oficios de abantal, y aciendo lo contrario dende el punto que lo hiciere antes dello tres días, le privo de la tal subcesion...» *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 10v-11.

²⁶ *Op. cit.*, ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 28.



Alfredo Enraiz, III-1994

Por conseguinte, un fillo de **dona Constanza Pardo** debía ser o sucesor, pero isto non foi así, quizais porque non chegase a ter tal fillo ou porque éste falecera. Así pois, pasou a sucesión ós descendentes da segunda irmá, **dona María de Pardo** e aquí entran os Leis na posesión do vínculo, como xa se dixo, posto que dona María estaba casada co capitán **don Antonio de Leis Moscoso y Ponte**.

É sintomático que o fillo deste capitán aparezca unhas veces como **D. Pedro de Leys Moscoso y Ponte** e outras como **don Pedro de Leys y Pardo de Andrade**. No primeiro caso mantén os apelidos do pai, pero no segundo, xunto ó primeiro do pai, mete rápidamente os da nai, irmá do fundador do vínculo, co que aparece máis patente a súa lexitimidade como poseedor do mesmo.

Nada máis morrer o fundador, o Capitán **don Antonio de Leys Moscoso y Ponte** promoveu un voluminoso pleito contra outros familiares (**don Andrés de Parga**, **don Tomás de Montenegro...**), todos eles cun claro obxectivo: facerse co vínculo. O pleito continuouno o seu fillo **don Pedro de Leys Moscoso y Ponte**, o seu neto, **don José Benito de Leys y Figueroa** e o seu bisneto **don José Antonio de Leys y Caamaño**²⁷, ata que, finalmente, o 22 de maio de 1733 unha executoria real deixa as cousas favorables para os Leis²⁸. Por ela mandouse dar a **don José Antonio de Leys y Caamaño** a «mision en posesion» do «mayorazgo», que recibiría o 6 de abril do ano seguinte²⁹.

Unha vez rematada a longa etapa de loita pola posesión do vínculo, abriuse outra, máis dilatada e non menos conflictiva, na que os poseedores respectivos tentarán defender a integridade do dito vínculo, utilizando como sempre (iso non parece cambiar) o brazo da xustiza.

Responde ó período inicial desta nova etapa o pleito que no 1745 inicia **don José Antonio de Leys y Caamaño** con **don Juan Antonio de Neira** sobre a nulidade do foro dunha casa, que, por pertencer ó vínculo non podía ser aforada e a viúva e herdeiros do dito Neira terían finalmente que restituila³⁰.

O que si parece claro é que o proceso de formación deste vínculo distou moito de ser pacífico, e así temos noticias do paso do coengo **don Pedro** pola Real Audiencia na percura dos bens do vínculo que fundara no 1650 súa irmá, **dona Antonia Pardo de Andrade** (casada con **Antonio Sánchez Pulleiro**): os seus sucesores, **don Gómez Prego de Montaos** e a súa muller (supoñemos que filla de **dona Antonia**), terían que dar, mediante a correspondente carta executoria, 2.000 ducados a **don Pedro**³¹. Éste non foi o único pleito no que o noso fundador se viu metido³².

²⁷ Un destes pleitos pola posesión do vínculo de Mondoí foi o entablado no s. XVIII por don José Antonio de Leys y Caamaño con dona María Jacinta de Parga Montenegro «y consortes». Cítase no leg. 14.442, n. 26 do ARG.

²⁸ Op. cit. ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 3v. É aquí onde se di que esa executoria do 22-V-1733 se atopa no «oficio de Pillados» co número 35, titulado: «don Josef Antonio de Leys con Doña María Jacinta de Parga, y otros sobre la subcesion del Mayorazgo de Santa Cruz de Mondoy...»

²⁹ Op. cit., ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 4v.

³⁰ Op. cit., ARG, leg. 14.442, n. 26, f. 5.

³¹ Op. cit., ARG, leg. 14.442, n. 26., f. 38.

³² No 1733 aínda pleitea por ese mesmo vínculo de dona Antonia Pardo de Andrade, o sucesor do de Mondoí, don Antonio de Leys y Caamaño, pero non tivo éxito, posto que se concedeu a súa posesión a dona María Jacinta de Parga no nome e en ausencia (estaba fóra de España) de don Francisco Rodríguez de Ponte. Op. cit. ARG, leg. 14.442, n. 26., f. 30v-36.

Pois ben, os sucesores xa citados nos que conflúen os bens de Lema e Mondoí, **D. Antonio de Leis e dona María Pardo**, tiveron varios fillos, sendo o maior varón, e polo tanto o vinculeiro, **don Pedro de Leis Moscoso Ponte y Pardo de Andrade** (3º poseedor do vínculo, tal como aparece nos documentos que consideran a **D. Pedro Pardo** o 1º). Casou con **dona Isabel María de Figueroa y Maldonado**, vivindo os dous na casa de Lema onde tiveron varios fillos, sendo o primoxénito e herdeiro, **don José Benito de Leis Figueroa y Pardo de Andrade** (4º poseedor).

Este home tivo dúas mulleres e da descendencia delas sairán dúas liñas sucesorias. Casará primeiro con **dona Antonia Caamaño y Sotomayor**. Terán por fillo primoxénito (nado na Coruña o 15-IV-1708) a **don José Antonio de Leis Caamaño y Sotomayor** (5º poseedor desde 1733 ata 1756), quen, gracias ó seu matrimonio (A Coruña, 14-IX-1731) con **dona María Ignacia Sánchez del Pino** (filla de **D. Juan Sánchez del Pino** e de **dona María Antonia García**), incorporou ó vínculo o pazo dos Pino en Culleredo. Foi ademais capitán do «Regimiento de Inválidos de La Coruña» e segundo Crespo Pozo³³ vivía nunha casa da Calle Real.

Será o seu fillo herdeiro, **don Felipe Benicio de Leys y Caamaño** (outras veces sustitúe **Caamaño** por **Pino** e outras máis aparece como **D. Felipe Benizio de Leis Sotomayor y Pino**), 6º poseedor do vínculo desde 1756, ano da morte de seu pai, ata 1805 en que morreu. Nestes 49 anos de posesión do «vínculo y mayorazgo de Santa Cruz de Mondoy» revélase como un personaxe poderoso que, seguindo o exemplo doutros fidalgos cultos ou que se tiñan por tales, non dubidou en participar en empresas educativas e científicas. Así o vemos, por exemplo, como membro da Academia de Agricultura de Galicia, fundada na Coruña no ano 1765. Xunto a el estaban outros fidalgos mariñáns como **don José Ignacio Romay**, señor das casas de Illobre e Fiobre ou **don Fernando Freire**, señor da casa de «Horto»³⁴.

A **don Felipe Benicio** hérdao o seu sobriño (fillo de **dona María Ventura de Leis** e de **D. Juan de Torres**), **don Juan de Torres y Leis**, veciño da cidade da Coruña e 7º poseedor do vínculo desde 1805 ata 1816, ano da súa morte. Era «Cavallero del Avito de Santiago, y tesorero del exercito en el Reino de Galicia» (figura tamén como «Sr. Intendente» ou como «contador de Ejército»).

O primeiro que fai **Torres** é desencadear un pleito por «desperfectos» a **Isavel María Gonzalez**, sen «Doña» como se ve, e á que se engade o calificativo de «criada», herdeira de **don Felipe Benicio de Leis**³⁵. Calculou os danos nada menos que en 100.000 reais de vellón «los cuales ha percivido veinte y siete mil con anterioridad a la transacción de la parte de frutos, muebles, deudas y otros efectos pertenecientes á dicha **Ysavel María González** quince mil y pico del valor de cincuenta ducados renta de dos Ranchos sitos en la Calle de San Andres de esta Ciudad [Coruña] dos mil de Damascos y Felipichin que existían en la Casa de su avitación seis mil que ha condonado á heredera, y cincuenta mil que en monedas de oro y plata le aprontaron en el acto... la heredera³⁶».

³³ Op. cit.

³⁴ BARREIRO FERNANDEZ. Xosé Ramón. Historia de Galicia. La Coruña, Gamma, 1982, t. IV, p. 265.

³⁵ ARG, leg. 12.728/1, f. 14r.

³⁶ ARG, leg. 12.728/1, f. 14rv.

Don Juan de Torres morreu en Madrid o 25-XII-1816³⁷ e como non tivo fillos, os dereitos da herencia pasaron á liña da segunda muller de **D. José Benito de Leis** (4º poseedor), **dona María Antonia Bermúdez de Pazos y Feijoo**. Deles saíra o seu fillo **D. Patricio Gabriel de Leis Bermúdez de Pazos y Pardo de Andrade**, que será escribano e que nunca herdaría o vínculo³⁸, senon que sería mero transmisor dos dereitos sucesorios. Casaría con **dona María Francisca Cernadas Cordido y Brandariz**, da casa de Borrifás, e o seu fillo, que sucederá a **D. Juan de Torres y Leis** como 8º poseedor, será **don José Francisco de Leis Bermúdez Cernadas Cordido y González**.

Este home nacera na casa de Lema e estaba en Madrid cando morreu o seu primo, **D. Juan de Torres**, quizais exercendo de funcionario de aduanas³⁹. Un fidalgo burócrata, por conseguinte, que, nembargantes, xa fora recoñecido inmediato sucesor do vínculo o 7-V-1806 cando tiña algo máis de 30 anos. Desde que accede á posesión no 1817, primeiro desde Madrid e a partir de 1819 desde Betanzos⁴⁰, Mondo ou Lema⁴¹, semella que a súa vida é a dun rendista que ocupa tódalas súas enerxías en defender e aumentar os bens do vínculo, a xulgar pola gran cantidade de pleitos nos que se ve envolto. Será o 8º poseedor del desde 1817 ata o ano da súa morte, arredor de 1842.

Precisamente nun destes pleitos atopamos, a xeito de proba, unha carta que envía desde Madrid, logo da morte de **Torres**, e que nos ilustra da importancia que para el tiña herdar, pintándonos ademais unha escena moi propia do romanticismo da época, cal é a do momento da morte, as circunstancias, o escribano sen saír dalí día e noite e, desde logo, o desbordado entusiasmo do sucesor do vínculo, que se ve favorecido pola «divina providencia» que o quixo facer «rico»:

«Madrid veinte y cinco de Diciembre de mil ochocientos diez y seis.

Señor **Don Angel García**.

Caro Amigo:

A las nuebe menos cuarto de esta mañana fue Dios servido llebarse para sí a mi Primo **Don Juan de Torres y Leyes** [sic.] contador de ese Ejercito, y por su muerte he heredado todos sus mayorazgos, menos la Casa de la Coruña, y la de Culleredo en que hay dudas a pesar de estar reconocido tambien por ellas, y sobre las que sostendré pleito si me lo ponen hasta ver las fundaciones y averiguar la verdad. **Torres** el día que llegó a esta tomó el Aire del Puerto que aqui llaman, parado, y dijo, el aire me ha muerto, se fue en la Berlina a su posada y no bolvío a lebantarse. Su enfermedad segun los savios Medicos **Arrieta** [?] y **Bonafon** de cavecera que lo asistieron, fue compresion del pecho, y obstrucion [de] todo el sistema de la venaporta. Ante ayer noche se le administró, no crehía que se morfa, y anoche el **Señor Cureney** [?] su amigo Consejero del Almirantazgo, con desfachatez, y por quinta y sexta vez en tres días y con el Escrivano allí día y noche, logró ya tarde que testara, y no quiso más que dar poder a su mujer para que testase por el, instituindola heredera y a su hermano **Ramon [D. Ramón de Torres y Retama]**, medio irmán, que residiría na cidade de Segovia no 1828] de lo poco libre. Pasado mañana después del Entierro si **María Pepa** está despejada, haremos el Testamento, y entraré a pedir posesión de los Mayorazgos para lo que irá a Vmd. un poder completo y substituyente para que en mi nombre le posesione, administre y recaude todo, etc.

³⁷ ARG, leg. 12.728/1.

³⁸ Temos que contradecir neste dato a D. Carlos Martínez-Barbeito. Op. cit, p. 212.

³⁹ Dato que curiosamente afinda pervive na memoria familiar que conserva dona Amalia Leis Bugallo, farmacéutica de Betanzos. Segundo ela naceu nas torres de Lema e sería funcionario de Aduanas. Isto concorda co feito documentado da súa longa estadía en Madrid antes de 1817, ano no que toma posesión do vínculo.

⁴⁰ Vivía en Betanzos no 1830. «don José de Leys con don José Cabezas sobre nulidad de una escritura de foro». ARG, leg. 14.442, n. 26.

⁴¹ ARG, leg. 12.728/1.

Favor a que no se me negará la amistad de V. que queda por dueño de todo hasta que pueda yrme a vivir a la Casa de Lema, y' acabar en ella mis días tranquilamente viendo como estoy, ya que la divina providencia quiere hacerme rico.

Anedocta [sic.]. Oy me pidieron veinte y cinco doblones por un manto capítular de Santiago para amortajar a **Torres**. Los encaminé a latal [?], y enbié por un avito de San Agustín que costó cuatro ducados, y lo hice amortajar solo con él por seguir esta Regla los Cavalleros de Santiago.

Al momento de recibir esta se serbirá remitir la adjunta con el propio mas ligero a mi madre á Brejo, luego, luego, luego [sic.], y sirbase Vmd abrirme cuenta, que se cobrará por su mano.

A los pies de mi Sra. **Da. María Pepa y Mariquita**, y todo de su buen amigo Q. S. M. B. **José de Leyes**⁴².

Pero **don José Francisco de Leis** non está disposto a perder nada dos seus dereitos e o mesmo que antes fixera **don Juan de Torres y Leis** coa «criada» herdeira de **don Felipe Benicio de Leis**, agora **don José de Leis** enfrentarase á viúva de **Torres, dona María Josefa de Aguirre y Horcasitas** (morrerá en Madrid no 1853)⁴³ á que desde logo xa non chamará familiarmente «**María Pepa**» como no momento da morte de **Torres** e do conseguinte testamento que tiña que facer esta Señora como apoderada do marido.

Pretende don José unha indemnización en cartos e para iso fai un memorial de bens deteriorados que nos dá unha imaxe das posesións neste tempo (1824). Curándose en saúde, tamén pensando no seu propio sucesor, dá a impresión de que case todo está mal. Naturalmente, os datos hai que tomarlos con coidado porque son interesados.

Así, en Mondoí pasa pola «casa grande» que «está hoy enteramente arruinada e ynabitable de piso y tejado», estando así xa, ó parecer, na época de **D. Felipe Benicio de Leis**, o que pode ser verdade, posto que tanto éste como os seus antecesores tenderon a vivir na Coruña ou en Lema. Tamén sinala como ruinosa a «capilla de Nuestra Señora de la O» na igrexa parroquial de Santa Cruz: «Don Juan de Torres y Leis no dejó en ella ningún ornamento y además [quedó] destruida de tejado y vidrieras que tuve que reparar de mi cuenta». 6 casas de colonos, «muchos castaños que derribó [D. Juan de Torres] y llevó para la Coruña [onde vivía Torres] en tablazón y vigas... sin hacer plantíos», «molino de Lodeiro en Río Pequeno».

En Colantres: casa arrendada a D. Vicente de Vara que «amenaza ruina», 2 casas do lugar de Queirís, casa e muíños do «Mende», «el canal o pesquera que la casa tiene sobre el río Mandeo».

En Coirós: 3 casas dos lugares de Carricoba, Seixo Pequeno e Seixo Grande.

En Cuiña: casa do lugar de Pedrón.

En Mandaio: casa do lugar de Mangaño de Arriba.

En Brexo: «casa del lugar do Piñeiro en que vive Juan Riobo», casa do lugar «do Carreyxeiro», 2 casas do lugar de «Escariz» (nunha vive Pedro Pan e noutra, Manuel Pan), 2 viñas da Rañeira.

En Noicela: «casa principal de los Mayorazgos», casa do lugar da Pereira, 4 casas más nos lugares da Pereira e Piñeiro

En Santiago de Compostela: 2 casas na rúa da Algaliá de Arriba «o Puerta de S. Roque... según consta de los Autos de desperfectos que siguió el don Juan de Torres contra la Testamentaria de su antecesor el don Felipe de Leis, fueron tasados sus desperfectos en

⁴² Carta contida no pleito de 1824: «don José de Leis con Doña María Josefa Aguirre sobre demanda de desperfectos por vienes de vínculo». ARG, leg. 12.728/1.

⁴³ Pleito da xurisdicción civil de 1824: «don José de Leis con Doña María Josefa Aguirre sobre demanda de desperfectos por vienes de vínculo». ARG, leg. 12.728/1.

35.648 reales y 17 maravedís de vellón que embolsó el don Juan de Torres y después aforó las dos casas contra cláusula expresa de Fundación que prohibía su foro, solo por no gastar como nada gastó en sus reparos...»⁴⁴

En Bribes: casa do lugar de Pedre.

E quizais polos gastos que supoñía este memorial ou polo que fose, deixa **D. José Francisco de Leis** sen tasar, pero sinálao, os bens das parroquias de: Serantes, vila de Laxe, Traba, Borneiro, Xallas de Castrís, Gorgullos, Vilouchada, Chaián, Restande, Arca, Dordaño, Borrifás «y otras parroquias en que hay fincas de los Maiorazgos y dejó el Don Juan de Torres llenas de desperfectos y ruinas»⁴⁵.

As peripecias de **don José de Leis** e da súa segunda muller e fillo deles coa xusticia son abundantes e sempre en defensa dos bens do vínculo⁴⁶. Pero agora pasemos ó derradeiro capítulo da súa vida: a súa morte e a sucesión dos seus bens.

A lei de 27-IX / 11-X-1820 suprimira os «mayorazgos, fideicomisos, patronatos y toda clase de vinculaciones». Rematado o trienio constitucional, quedará abolida, pero interéstanos aquí porque, despois de varias tentativas, retómase de novo no 1841 con **Espartero**. O seu art. 2 dicía:


«Los poseedores actuales de las vinculaciones suprimidas en el artículo anterior, podrán desde luego disponer libremente como propios de la mitad de los bienes en que aquéllas consistieren, y después de su muerte pasará la otra mitad al que debía suceder inmediatamente en el mayorazgo, si subsistiese, para que pueda también disponer de ella libremente como dueño. Esta mitad que se reserva al sucesor inmediato, no será nunca responsable á las deudas contraídas ó que se contraigan por el poseedor actual.»

En resume, os liberais, que poñen por riba de todo a propiedade privada, atacan frontalmente o vínculo que fundara **don Pedro Pardo de Andrade** (e tódolos demais, claro), dividíndoos nun primeiro momento sucesorio en dúas partes, unha de libre disposición do titular, e outra reservada para o sucesor. Pero o sucesor xa podía utilizar libremente todo o herdado e aquí remataba o vínculo histórico.

⁴⁴ *Op. cit.*, ARG, leg. 12.728/1, f. 3rv.

⁴⁵ *Op. cit.*, ARG, leg. 12.728/1.

⁴⁶ 1837: Demanda de D. José de Leis contra D^a Francisca González, de Betanzos... (AMB, c. 3.588). 1838: D. José de Leis contra Francisco e Antonio Seoane, de Borrifás, para que deixen libre un lugar (AMB, c. 3589). 1839: D. José de Leis contra José Fernández, de Villozás, sobre perturbación de posesión (AMB, c. 3592). 1839: D. José de Leis contra Juan de Vales (de Mandaio) sobre perturbación de posesión dun monte (AMB, c. 3595). 1840: «El Señor Don José de Leis como marido de la Sra. Doña Benigna Cernadas Cordido contra D. Ramón Varela vecino de Santa María de Dordaño sobre Perturbación de posesión en la corte de tres castaños en el soto anexo al Lugar de Soojal en San Mamed de Bragad» (AMB, c. 3.602). 1840: «Don José de Leis contra D. Antonio Sánchez de Andrade» polo retraso deste no pago de «22 ferrados de renta anual» (AMB, c. 3.601). 1840: «Don José de Leis con Don José Vázquez de Puga, Cura de San Salvador de Collantres sobre perturbación de posesión» (AMB, c. 3.597). 1845: Francisco Seoane, de Borrifás, contra D^a M^a Benigna Cordido de Leis sobre que se lle axude e defendase como pobre (AMB, c. 3.641). 1846: D^a Benigna M^a de Cordido de Leis contra Francisco Seoane, de Borrifás, sobre execución de pago de renda (AMB, c. 3651). 1851: D. José de Leis contra D^a M^a del Carmen Villar e D^a Manuela Crespo sobre partilla de montes (AMB, c. 3694). 1852: D. Agustín Leis contra Marcelino Rodríguez, de Probaos, sobre perturbación de posesión (AMB, c. 3.716-15). 1853: Francisco Muñío, de Ouces, contra D^a M^a Benigna Cordido de Leis sobre pago de rendas (AMB, c. 3733-23). 1854: Antonio López, de Dordaño, contra D^a M^a Benigna Cordido de Leis sobre «pago de reales» (AMB, c. 3.749-13)... Estes son algúns exemplos (que poderían completarse moito máis) dos innumerables pleitos dos Leis de Lema e Mondoí en defensa dos seus dereitos.



Diante disto, os Leis (e outros fidalgos) empregaron diversas estratexias para que a maior parte do vínculo (que agora xa non se poderá chamar así) seguisse o máis intacto posible. Non o lograrán a longo prazo, pero si ó principio.

Antes de chegar á solución, nembargantes, os Leis tiveron que pasar, unha vez máis, polo xulgado e non darían remate á herencia de **don José Francisco de Leis** ata que se fixo unha pormenorizada partilla, entre 1847 e 1853⁴⁷.

O problema estaba en que don José tivera do seu primeiro matrimonio con **dona Faustina Pacheco y Tizón**, unha filla, **dona Concepción de Leis**. Pero, dun segundo matrimonio con **dona María Benigna Cernadas Cordido y Brandariz**, tivo un fillo, **don Agustín de Leis Cernadas**.

⁴⁷ Op. cit., AMB, c. 3.652.

Por parte da súa filla, a voz cantante na disputa pola herencia levába o seu home, **D. José González Maldonado** («Ministro que fue de la extinta Cámara de Castilla») que morrería arredor de 1849. Naturalmente non só defendía á súa filla, senón tamén ós seus netos: **Dª Justa, Dª Faustina, D. Cesáreo, D. José, D. Antonino e Dª María de la Concepción González Maldonado Leis**⁴⁸.

Queda na memoria da familia (**Dª Amalia Leis Bugallo**) que a solución que xa dera por testamento (que non vimos) don José de Leis a favor do fillo da segunda muller, se deberá a disputas políticas con Maldonado. Non podemos afondar máis no asunto, pero aquí queda.

Coa lei de desvinculación de 1841 na man, o resultado foi tal que, na práctica, a maior parte dos bens do desaparecido vínculo pasaron a **don Agustín de Leis Cernadas**.

Para daquela (1851) ainda vivía **dona María Josefa de Aguirre**, viuda do penúltimo poseedor, **don Juan de Torres y Leis**, e háballe que dar anualmente en concepto de viudedade, 329 ferrados de trigo «libres de contribuciones», procedentes de diversos lugares das parroquias de Noicela, Serantes e Arca. Morta esta Señora, esta viudedade pasaría a **dona María Benigna Cernadas**. Dito isto, hai que sinalar que a **D. Agustín de Leis** quedáralle:

«la mitad integra como reservable por la Ley.»

«Idem al mismo por la cuarta parte del todo, ó sea la mitad de la otra mitad que la propia Ley hizo de libre disposición...»⁴⁹

É dicir, que **don Agustín** quédase coas 3/4 partes de todo e a outra 1/4 parte (sacada da metade de libre disposición) é a que pasa ós fillos de **Maldonado** e de **dona Concepción de Leis**, logo da conseguinte partilla e pleito de 1847-53 (v. nota 4).

A partir daquí, o carácter fidalgo dos Leis irase perdendo pouquiño a pouco, as herencias mermarán o que quedaba do antigo vínculo e, ó remate, alí onde había rendistas (aínda que secundariamente tamén se adicasen a outras cousas) hai hoxe, en xeral, burgueses de prestixiosas profesións liberais.

VI.- AS POSESIÓNS DOS LEIS NO 1850

Como queira que se acompañan diversos gráficos e táboas que pretenden simplificar a comprensión do poder dos Leis, non nos perderemos xa en descripcións exhaustivas. Si, en cambio, faremos algunas reflexións xerais.


Chama poderosamente a atención a similitude de proporcións relativas e mesmo de valores en ferrados de superficie, dos territorios dos partidos de Lema e de Mondoí. ¿Qué significa isto?

A pouca extensión do prado nos dous partidos fálanos dunha gandeiría de subsistencia e polivalente que aínda está moi lonxe da especializada (en leite ou en carne) da dos nosos días. Por outra banda, o equilibrio entre o monte e o labradío é moi significativo, porque o monte é o soporte básico da agricultura: del sácase o abono en forma de esterco, tamén pode ser pasto cando o toxo é novo, dá leña para cocer o pan e, mediante as rozas, serve ademais para proporcionar unha colleita suplementaria de cereal⁵⁰. Tamén é similar a media

⁴⁸Segundo lembra Dª Amalia Leis, estes fillos de Maldonado «tiñan moito» na zona de Muros e Pontevedra, incluídas fábricas de salazón. Un descendente deles era enxeñeiro de Renfe nos anos 40 do s. XX.

⁴⁹Op. cit., AMB, c. 3.652.

⁵⁰BALBOA, Xesús. *O monte en Galicia*. Vigo, Xerais, 1990. ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Un caso de privatización de montes veciñais nas Mariñas de Betanzos: (1848-1854)». En: *Anuario Brigantino* 1993, nº 16...



de ferrados de monte por parcela (11,3 en Lema e 12,4 en Mondoí), aínda que internamente, os montes abertos (que non entran na media) son máis extensos en Lema.

En canto á outra cuestión, a de que os valores en ferrados por categorías de terras (labradío, viña, prado, monte) sexan tan parecidos entre Lema e Mondoí, non caben máis que dúas posibilidades: 1) a pura coincidencia, ou 2) que respondan a un acordo matrimonial primitivo: o de **don Antonio de Leis Moscoso y Ponte**, que aportaba Lema, con **dona María Pardo de Andrade y Ponte**, que tiña Mondoí. Ten lóxica que así fose: lémbrense os términos da fundación. Quizais algún día se atopará a escritura notarial que o confirme; iso explicaría o equilibrio mantido a pesar do tempo.

Estes datos son os das superficies e, polo tanto, non hai por que dubidar da súa obxectividade, pero, en cambio, o panorama é diferente cando os gráficos son os derivados das valoracións en reais/venda. Aquí, ó monte dáselle moita menos importancia: en Lema pasa dun 52,3% de superficie a 10,5% de valor, mentres que en Mondoí, a costa do labradío, valórarse un pouco máis, 28,2%, pero aínda segue lonxe do 53,3% da superficie. ¿A qué se debe que cunha superficie de labradío similar, Lema o valore nun 60% e Mondoí nun 41%? ¿E que a terra de Lema ten maior calidade? Posiblemente.

En cambio, volvemos ó equilibrio entre Lema e Mondoí nos valores das casas, das rendas e mesmo no prado (un pouco máis en Mondoí) e na viña (insignificante nos dous «partidos»).

VII.- ALGO SOBRE A EVOLUCIÓN SOCIAL DOS LEIS UNHA VEZ DESAPARECIDO O VÍNCULO: DE FIDALGOS A BURGUESES

Xa vimos que o gran sucesor dos bens que conformaran o desaparecido vínculo foi **D. Agustín María, Bernardo, Marcelino y Pedro de Leis Cernadas Cordido Pardo de Andrade**, que así se chamaba. Del convén que nos fixemosalgúns datos biográficos. Naceu no 1830, probablemente en Betanzos onde vivía súa nai na casa da Rúa do Castro (a actual dos Romay). Veciño de Betanzos (outra casa súa era a actual nº 15 da R. do Castro) e de Santa Cruz de Mondoí, segundo as ocasións, representa o fidalgo de transición, desde o rendista do Antigo Réxime ó burgués moderno. Como herdeiro da maior parte dos bens do vello vínculo convértese nun fidalgo rendista. Nembargantes, xa desde neno foi marcado o seu camiño cara a avogacía, que lle servirá pronto para chegar a altos postos da política.

Podemos seguir con bastante precisión a súa etapa de estudiante gracias ó seu expte. persoal custodiado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 680. Cursou e aprobou no Instituto de Pontevedra («previo abono del primero de filosofía») o segundo e terceiro cursos de Filosofía, durante os anos 1845 a 1847, e xa na «Universidad Literaria de Santiago», desde 1847 a 1849, o cuarto e quinto, recibindo aquí o grado de «Bachiller» (20-XII-1849). O 29-IX-1849 matriculouse no ano «preparatorio de Jurisprudencia». O 14-VI-1858 acadou o grado de «Licenciado» na facultade de «Jurisprudencia».

O seu paso á política foi inmediato, porque xa o atopamos como deputado a Cortes na lexislatura que vai do 1-XII-1858 ó 27-I-1860, sendo protagonista en diversos temas⁵¹, entre os que se destaca o da exención de contribucións a varias fábricas de Galicia.

⁵¹ "Vicesecretario de la cuarta Sección, Secretario y vicesecretario de la primera...Secretario de la séptima Sección, Etiqueta por el cumpleaños del Rey.... Vicesecretario de la sexta Sección». Arquivo do Congreso dos Deputados.

Continúa na lexislatura do 25-V-1860 // 28-IX-1861, incrementando a súa presencia en comisións⁵² e pronunciando discursos sobre os asuntos seguintes: «Pensión á Ildefonso Rodríguez, Ferro-carril de Santiago al Carril, Dictámenes sobre pensiones, Renuncia del cargo de individuos de comisiones, Pensión á Doña Catalina Reche, Idem á Doña Luisa Hernández, Idem á Rodrigo Laínez, Idem á Doña Catalina Abenia, Gobierno de las provincias»⁵³.

Seguímolo vendo como deputado a Cortes na lexislatura 8-XI-1861 // 31-X-1862 estancando en asuntos menores (máis ben administrativos) das pensións a tal ou cal persoero e pronunciando estes discursos: «Acta de Verín, Pensiones á varias viudas de facultativos, Presupuesto de obligaciones generales»⁵⁴.

Na lexislatura que abarca do 1-XII-1862 ó 12-VIII-1863 a súa presencia é case testemuñal, posto que só aparece como Vicesecretario da sexta sección e Secretario da séptima, non pronunciando xa ningún discurso.

Na lexislatura que vai do 27-XII-1865 ó 2-X-1866 aparece como Vicesecretario da quinta sección e da segunda, pronunciando un só discurso sobre os «Institutos de segunda enseñanza».

Non é cuestión agora de entrar na análise do sistema electoral, pero é sabido que a mediatización da vontade popular foi unha constante na Historia de España do s. XIX e en boa parte do XX. Don Agustín basaba os seus votos nos veciños das parroquias nas que tiña lugares, polos que, por conseguinte, recibía rendas (os votos seguían a ser indirectamente unha renda máis)⁵⁵. Da calidade democrática das eleccións bástanos o exemplo do escrutinio de 1865 no que D. Agustín é elixido deputado a Cortes polo distrito da Coruña⁵⁶ (no que de 5.258 electores votaron só 2.784, pero, ¡atención!, destes votaron a D. Agustín 2.630⁵⁷, é dicir, nada menos que o 94,46%. Sen comentarios.

O poder de D. Agustín era considerable, porque, entre outras cousas conseguiu (segundo lembra Dª Amalia Leis Bugallo) que a liña do ferrocarril Palencia-A Coruña pasase por Teixeiro, Curtis, Cesuras, Oza e Infesta, a través ou cerca das súas extensas propiedades. Quedaba así rechazada a prevista opción de Aranga e Paderne.

Políticamente era conservador e, polo tanto, inimigo en Betanzos e na bisbarra dos Espiñeira⁵⁸, traxectoria que seguirán os seus fillos, D. Calixto e D. Agustín⁵⁹...

Tamén don Agustín se significou (e se definiu socialmente) como constructor, posto que el foi segundo a inscrición que mandou facer, o que dirixiu as obras da súa casa no nº

⁵²«Vicesecretario de la primera sección, Secretario de la tercera, Idem de la quinta, Idem de la sexta, Etiqueta por el embarazo de S. M...» pensións varias, «Ferro-carril de Santiago al Carril, Reelegación del Sr. Alfaro...» Arquivo do Congreso dos Deputados.

⁵³Arquivo do Congreso dos Deputados.

⁵⁴*Idem*.

⁵⁵Pagaba no 1864-65 contribución D. Agustín Leis por bens nos concellos de Coirós (194 reais), Oza (465 r.), Betanzos(572 r.), Cesuras(287 r.), Santiago (487 r.) e Cambre (551 r.). Arquivo do Congreso dos Deputados.

⁵⁶Aínda que o documento do Arquivo do Congreso dos Deputados di así, creemos que se refire en concreto ó distrito de Betanzos-Pontedeume.

⁵⁷Arquivo do Congreso dos Deputados.

⁵⁸De orixe tamén fidalga, eran os Espiñeira unha das ramas dos Sánchez, avogados moitos deles e de ideas liberais, sendo a familia que máis alcaldes deu a Betanzos.

⁵⁹Destes era compaño político, segundo ainda se recorda, don Emilio Romay Montoto que sería Alcalde de 1924 a 1929, ano no que foi nomeado Presidente da Deputación Provincial.

2 da rúa do Valdoncel en Betanzos no 1880-82⁶⁰. Unha casa certamente fermosa, onde destaca a súa monumentalidade, ó levantarse sobre dúas casas anteriores. Utiliza materiais nobles, como a cantería nas esquinas e nos marcos de ventás e portas, e, sobre todo, aparece rodeada no piso alto por unha galería corrida, que naquel tempo era un signo de modernidade. A casa en sí transmite unha clara idea de poder, pero non xa daquel poder dos fidalgos antigos onde os blasóns eran inevitables. Aquí inténtase amosar a casa dun home poderoso, pero burgués, moderno, unha casa aberta á luz, sen referencia algúns ós pazos defensivos: agora parece que comprendemos mellor aquel feito de eliminar a «de» antes do apelido Leis. Estamos claramente diante dun home que non deseja que o vexan como un fidalgo: evidentemente neses anos da segunda metade do s. XIX, cando xa pasara o sexenio revolucionario, a Primeira República e os aires estranxeiros da modernidade chegaban por todas partes, ser fidalgo era ser antigo, pola mesma razón que se consideraba antiga e inútil a Porta de Vila de Betanzos e por iso se derrubou no 1872, seguida da maior parte dos soportais da Rúa do Castro...⁶¹. Os vellos símbolos había que acochalos ou reconvertilos para os novos tempos. Grandes casas, si, pero diferentes...

Casado con **dona Concepción Ponte Laplana**, filla de militar, don Agustín Leis tería 9 fillos, dos que 5 morreron novos e solteiros. Os demás foron:

-**Don Calixto Leis Ponte**, avogado, Alcalde de Betanzos entre o 1 de xaneiro de 1894 e o 1 de decembro do mesmo ano, en que renunciou diante da «Reina Regente» «por haber sido elegido Diputado Provincial por el distrito de Betanzos-Puentedeume»⁶². Voltaría ser Alcalde na etapa que vai do 1 de xaneiro de 1906 ó 11 de marzo de 1912⁶³. Morreu solteiro. Vivía na casa que construira seu pai na rúa do Valdoncel de Betanzos e, como anécdota, áñada hai quen lembra con ledicia non exenta de asombro como recibía no salón alfombrado da súa casa ós paisanos da aldea que calzaban zocos, cheos da lama dos camiños. Para el era a mellora no testamento de seu pai, pero non atendía Mondoí e finalmente o mellorado foi o outro irmán, D. Agustín e o tercio de libre disposición pasaría a D^a M^a de la Concepción.


-**Don Agustín Leis Ponte**, avogado, foi tamén Alcalde de Betanzos en dúas etapas: 1-I-1916// 13-X-1917 e 8-XII-1917// 1-IV-1920. Como seu irmán, viviu na casa nº 2 do Valdoncel e mantivo en pé o pazo de Santa Cruz de Mondoí, onde a xente o lembra recollendo as rendas que chegaban en forma de carros cheos de sacos de trigo... Casou con D^a Amalia

⁶⁰Na fachada Sul que dá á rúa do Valdoncel, na parede da galería fixo inscribir: «AGUSTÍN LEIS CERNADAS CORDIDO PARDO DE ANDRADE 1881». E na galería que dá ó Leste: «MATILDE PONTE LAPLANA DE LEIS» (nome da súa muller), situando no espacio central, «FUE MAESTRO DE ESTA OBRA SU DUEÑO AGUSTÍN LEIS CERNADAS EN 1880 1881 Y 1882». Xentileza da Familia Garma-Otero.

⁶¹A modernidade deses anos en Betanzos vese perfectamente na chegada dos ensanches, copia de París; na aparición da prensa local co periódico *El Censor* no 1883; na inauguración da liña de ferrocarril Palencia-A Coruña tamén no 1883; na desaparición dos vellos balcóns corridos de madeira para seren sustituidos, sobre todo nas rúas más burguesas, por galerías acristaladas, producto de novas industrias do vidro; tamén a moda no vestir (importada de París); as noticias das exposicións universais e de innumerables inventos, que se coñecían por medio dos periódicos que se lían no Liceo Recreativo de Betanzos e nas casas dos ricos; a fotografía; as funcións cinematográficas; a inauguración do Teatro Alfonsetti no 1892; a construcción dunha fábrica para proporcionar luz eléctrica, no 1895; a chegada do cinematógrafo no 1897, etc. ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo e SARMIENTO ESCALONA, Rosario: *El cinematógrafo en Betanzos (1897-1951)*, A Coruña, Deputación Provincial, 1997.

⁶²AMB, Libros de actas capitulares, 1894.

⁶³Cesou no cargo o 1-VII-1909, nomeando o Rei, por R.O. Alcalde a don César Sánchez San Martín, pero éste non se presentou e na votación que seguío voltaría don Calixto Leis.



Bugallo Crespo e tivo 4 fillos: Dª Amalia Leis Bugallo, farmacéutica actualmente en Betanzos; Dª Mª del Carmen (estudios de bacharelato), Dª Mª Luz (estudios de bacharelato) e D. Agustín (VIII-1930 // X-1992, avogado, herdou o pazo de Mondoí que hoxe rexenta a súa viúva)


-As demais irmáns, **dona María de la Concepción e dona Carmen Leis Ponte**, non parecen ter ningunha significación profesional fóra das súas casas: niso seguen o exemplo das predecesoras na familia.

Dª Mª de la Concepción Leis Ponte casou con **D. Juan Pedro Lissarrague Etchard**, que chegou a Betanzos como técnico-curtidor desde Asparren (Francia), e rematou por ser dono dunha fábrica de curtidos en Betanzos⁶⁴ e concelleiro (mesmo en moitas ocasións Alcalde accidental entre 1886 e 1912). Tiveron 9 fillos (v. árbore correspondente) e un deles, **D. José Luis Lissarrague Leis** herdaría e logo vendería moitos dos míticos bens de Lema. Outra filla, **Dª María Lissarrague Leis**, herdara en Betanzos directamente de seu avó, D. Agustín Leis Cernadas, a casa asoportalada da Rúa da Praza (hoxe do Castro), e que vendeu ós Becaría (hoxe é dos seus parentes os Romay, antigos fidalgos que tiñan pazo en Fiobre)⁶⁵.

Dª Carmen Leis Ponte casou co militar **D. José Folla Cisneros** e tiveron por fillos a **D. Agustín Folla Leis** e a **Dª Carmen Folla Leis**. Esta casou co capitán de aviación **D. Eugenio Jak Caruncho** e os seus fillos, **D. José** e **D. Eugenio** tamén son militares de aviación...

⁶⁴Estaba no Carregal, onde afinda hai quen lembra que na casa anella se construiu a finais do s. XIX o primeiro cuarto de baño que houbo en Betanzos.

⁶⁵É a mesma casa que procede do fundador do vínculo, **D. Pedro Pardo de Andrade y Ponte** que a mercou e reedificou a mediados do s. XVII.



Árbore xenealóxica coa descendencia de Dña Carmen Leis Ponte.

En fin, poden verse máis datos xenealóxicos nas árbores que se admuntan, pero o resumo final é que as herencias e as vendas, a estas alturas, desfixeron completamente os bens do antigo vínculo que abarcaba os «partidos» de Lema e Mondoí. Iso si, como xa dixemos, o pazo de Mondoí aínda segue na familia, que o visita de vez en cando, mentres que alí viven uns campesiños.

CONCLUSIÓNS

Aínda que poderíamos afondar máis en moitos aspectos relacionados con esta familia, é evidente que os Leis de Lema e Mondoí eran uns fidalgos poderosos que se comportaron como tales desde principios do s. XVII ata que as leis de desvinculación do s. XIX permitiron realizar a partilla de 1847-53 que desfixo a unión dos seus bens avinculados. A partir daquí pasan directamente á capa alta da burguesía, detentando cargos públicos relevantes (deputados a Cortes, alcaldes...), mantendo a vella tradición militar ou accedendo a carreiras universitarias de prestixio, tales como médicos, avogados, farmacéuticos, biólogos...

A base antiga deste poder estaba na existencia dun vínculo, que por definición só permitía que os bens medrasen. O último vínculo data de 1652 e débese a **D. Pedro Pardo de Andrade y Ponte**, coengo en Santiago, que absorbe outro anterior de seu tío, **D. Juan Rodríguez de Ponte**, tamén coengo en Santiago.. A xeografía deste vínculo con bens arredor de dous pazos principais, as Torres de Lema e o pazo de Santa Cruz de Mondoí, explícase pola estratexia secular de matrimonios de comenencia entre fidalgos, algo que o propio vínculo favorecía.

O apelido Leis atopámolo a finais do s. XV en Traba (Laxe) e Berdoias (Vimianzo) con **Martín de Leis Caamaño**. Un bisneto deste, **D. Juan de Leis y Ponte**, era dono no 1586 da casa de Lema (Brexo, Cambre) e o seu neto, **D. Antonio de Leis Moscoso y Ponte**, casará con **Dña María Pardo de Andrade** na 2ª metade do s. XVII polo que as terras de Lema pasarán a engrosar o vínculo que xa había en Mondoí, convertíndose o dito Leis no 2º poseedor do mesmo.



D. Agustín Leis Cernadas.



D. Calixto Leis Ponte.



D. Agustín Leis Ponte.


Os Leis viviron en Lema e na Coruña preferentemente, pero tamén en Madrid..., pasando o pazo de Mondoí por momentos de semiabandono ata a chegada do último poseedor do vínculo (entre 1817 e 1842), **D. José Francisco de Leis Vermúdez Cernadas Cordido y González** (que tamén nacera en Lema) e, sobre todo, do seu fillo, **D. Agustín M^a de Leis Cernadas Cordido** e un fillo deste, **D. Agustín Leis Ponte** e os seus descendentes (**D. Agustín Leis Bugallo...**) que hoxe o detentan. Paradoxicamente as Torres de Lema son unha ruina total nos nosos días, mentres que o Pazo de Mondoí está ben conser-vado e con vida campesiña ó seu arredor. Na súa entrada, por certo, está escrita en pedra a seguinte lenda antiga: «ANO 1647», data que debeu ser importante na construición (ou reconstrucción mellor) do pazo e que pode datar a parte máis antiga, a de fermosa e magnificamente ben labrada cantería, 6 Norte, co seu escudo.

A conexión de Mondoí con Betanzos aparece desde o primeiro momento cando o fundador do vínculo de 1652 merca e reedifica, entre moitos outros bens «una casa... con



Casa de D. Agustín Leis Cernadas e dos seus fillos, D. Calixto e D. Agustín, no nº 2 da rúa do Valdoncel de Betanzos.

Foto: Erias.




Automóbil de D. Agustín Leis Ponte, co seu chófer. Quizais sexa o que mercou no 1920.


sus dos altos, vodega, tienda y vastardo subiendo a la plaza de dicha ciudad, enfrente la casa que fue del Rexist Alonso Ares». Esta casa é a dos soportais na que hoxe vive a familia Romay, áinda que nesa rúa tiveron outra como é a actual nº 15. Rematado o vínculo e adicado o principal herdeiro, **D. Agustín Leis Cernadas**, á avogacía e á política, construiu este unha casa grande, pero de carácter moderno, con galerías, no nº 2 da rúa do Valdoncel en Betanzos no 1880-82. Dous dos seus fillos, **D. Calixto** e **D. Agustín Leis Ponte** foron alcaldes en diversas ocasións entre 1894 e 1920, e hoxe a familia e a farmacia de **Dª Amalia Leis Bugallo** manteñen viva a presencia dos Leis na cidade cando xa poucos lembran o seu pasado como poderosos fidalgos nas terras das Mariñas.

Dicir fidalgos pode equivaler a conservadurismo nun senso xeral, pero nalgúns aspectos eles trouxeron antes que nadie elementos de progreso que despois foron copiados. Cando entramos no pazo de Mondoí temos a sensación de que alí chegaron moi pronto os apeiros de ferro (arados, grades...) de principios do s. XX... Por outra parte sabemos que o 1-VII-1920 **D. Agustín Leis Ponte** mercou un automóbil (de 4 asentos, «Automóvil Berlitz 12 H. P.») cando só había a penas media ducia en Betanzos... Mercaría outro pouco máis tarde e, naturalmente, tería chófer. O teléfono, curiosamente, chegou a Mondoí primeiro á casa do cura, D. Pedro, pero pronto este se deu de baixa e pasaría ó pazo dos Leis a principios dos anos 30.

Como queda demostrado neste caso, que probablemente é prototípico, o remate do vínculo non significou necesariamente a caída social dos grandes fidalgos. Eles cambiaron as formas, deixaron de facer ostentación de escudos (non sempre) e apelidos interminables (tampouco sempre), construiron casas diferentes ós pazos campesiños, pero seguen nas capas altas do entramado social, xa sexa mantendo boa parte dos bens raíces, con pazos incluidos, ou xa detentando oficios de prestixio, polo que dalgunha maneira permanecen. Por outra parte, nos tempos que corren, cando algúns burgueses sinten a necesidade de distinguirse socialmente, os símbolos da fidalguía (conseguidos como sexa) áinda manteñen certa función. E non falemos dos emigrantes a América que buscan (moitos, desde logo) con entusiasmo cal era o escudo que supoñen debe corresponder ó seu apelido...





*Partido
de Mondoí
304.808 reais*




*Partido
de Lema
334.282 reais*

Composición da propiedade total dos Leis
(partidos de Mondoí e de Lema, separados e
xuntos), basada na valoración reais/ venda da
partilla de mediados dø s. XIX.






*Superficie
do Partido
de Mondoí*
4.888,4 ferrados
 $= 213,13 \text{ Ha.}$



*Superficie
do Partido
de Lema*
5.180,9 f.
 $= 225,88 \text{ Ha.}$

Composición da propiedade territorial dos partidos de Mondoí e de Lema (separados e xuntos), basada na partilla de mediados do s. XIX.



superficie total:
10.069,3 ferrados =
(Mondoí + Lerma)
 $= 439,02 \text{ Ha.}$



Igrexa de Santa Cruz de Mondoñedo coa capela de "Nuestra Señora de la O", construída polos Leis na 2ª metade do s. XVII, segundo mandado de D. Pedro Pardo de Andrade no 1652-64, fundador do 2º vínculo de Santa Cruz de Mondoñedo. O escudo é da época da construición. Foto: Erias.

PARROQUIAS do "partido" de LEMA	CASAS E MUIÑOS...		
	nº	Valor en trigo ferrados/ renda	Valor en cartos reais/venda
San Paio de Brexo	8	74,5	15.640
Santa María de Cambre	0	0	0
Santa María de Rutis	1	3	480
Santa María de Chayán	2	32	3.880
San Vicente de Vilouchada	3+1 muíño	21,5	3.440
San Salvador de Cecebre	0	0	0
Santa María de Noicela	7+1 muíño	31,5	4.560
Santiago de Traba	1+1 caseta	4	700
Santa María de Serantes	4	19	3.040
San Juan de Borneiro	2	6	960
Santa María de Restande	1	3	480
Santa Aia de Gorgullos	3	12,5	2.000
San Pedro de Xallas	3	69	11.040
San Cibrao de Brives	0	0	0
Sta. M ^a de Alvedron	0	0	0
Cidade da Coruña	0	0	0
Vila de Laxe	0	0	0
<i>Total:</i>	35 casas	276	46.220
	2		
	muiños+1caseta		

Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m² e 13,87 litros.
Fonte: "... partija de los vienes del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.

PARROQUIAS do "partido" de MONDOI	CASAS E MUIÑOS		
	nº	Valor en trigo ferrados/renda	Valor en cartos reais/venda
Santa Cruz de Mondoí	6+1 muíño	61	18.520
San Pedro de Porzomillos	1	24	3.840
San Salvador de Colantres	4	33	5.280
San Xiao de Coirós	3	15	2.400
Santa María de Ois	0	0	0
San Pedro de Oza	0	0	0
Santa María de Cuiña	0	0	0
San Xiao de Mandaio	1	3	480
Santa María de Dordaño	2	12,5	2.000
Santa Aia de Probaos	2	9	1.461
San Pedro de Borrifás	3	27,5	1.720
San Vicente de Arceo	0	0	0
San Martín de Andabao	1	11	1.760
Santa Cristina de Folgoso	2	19,3	716
San Tirso de Mabegondo	1	13	2.080
San Simón de Rodeiros	0	0	0
Santa Aia de Arca	3+1 muíño	17	2.880
San Estevo de Parada	0	0	0
Cidade de Compostela	0	0	0
Vila de Noia	0	0	0
Cidade de Pontevedra	0	0	0
Cidade de Betanzos	0	0	0
<i>Total:</i>	29 casas 2 muíños	245,3	43.137
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² e 13,87 litros. Fonte: "... partija de los vienes del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.			



Entrando no pazo de Mondoí. Foto: Erias.

PARROQUIAS do "partido" de LEMA	LABRADÍO				
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela		valor en reais/venda
San Paio de Brexo	4+21	115+283,8	13,5		38.780
Santa María Cambre	1+1	58+15,8	15,8		4.800
Santa María de Rutis	1	0,8	0,8		640
Santa María Chayán	1+27	26+208,3	7,7		23.080
S. Vicente Vilouchada	1+10	110+77,7	7,7		13.440
San Salvador Cecebre	1	17	17		2.880
Santa María de Noicela	5+10	723+78	7,8		45.760
Santiago de Traba	27	53,1	1,9		5.780
Santa María Serantes	2+35	64,3+264	7,5		29.020
San Juan de Borneiro	6	134	22,3		11.100
Santa María Restande	21	93,6	4,4		5.940
Santa Aia de Gurgullos	37	245	6,6		19.220
San Pedro de Xallas	0	0	0		0
San Cibrao de Brives	0	0	0		0
S ^a M ^a de Alvedron	0	0	0		0
Cidade da Coruña	0	0	0		0
Vila de Laxe	0	0	0		0
<i>Total:</i>	14+197	1.096,3+1.262,8= 2.359	6,4		200.440

Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m² e 13,87 litros.

Fonte: "... partíja de los vienes del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB. c. 3652.

PARROQUIAS do "partido" de MONDOI	LABRADÍO			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
Santa Cruz de Mondoí	45	303,9	6,7	30.987
S. Pedro Porzomillos	7	44,6	6,3	4.080
San Salvador Colantres	11	59	53	6.746
San Xiao de Coirós	10	109,8	10,9	10.400
Santa María de Ois	5	11,6	2,3	1.626
San Pedro de Oza	2	19,6	9,8	1.440
Santa María de Cuiña	5	20,8	4,1	2.760
San Xiao de Mandaio	4	18,8	4,7	2.880
Santa María Dordaño	1+7*	310+35,5	55	8.426
Santa Aia de Probaos	11	90,8	8,2	6.846
San Pedro de Borrifás	1+16	400+155,3	9,7	17.436
San Vicente de Arceo	2	24	12	2.280
San Martín de Andabao	1+1	100+3,5	3,5	3.520
Santa Cristina Folgoso	13	117,3	9	6.615
San Tirso Mabegondo	7	31	4,4	3.560
San Simón de Rodeiros	2	47,5	23,7	1.040
Santa Aia de Arca	4+8	141+97,6	12,2	15.920
San Estevo de Parada	0	0	0	0
Cidade de Compostela	0	0	0	0
Vila de Noia	0	0	0	0
Cidade de Pontevedra	0	0	0	0
Cidade de Betanzos	0	0	0	0
	7+156= 163	951+1.190,6= 2.141,6	7,6	126.562
<i>Total:</i>				

*A segunda cifra destes sumandos sepárase así (e faise sempre do mesmo xeito no sucesivo) porque a súa mistura con superficies non labradías contidas no primeiro sumando por mistura de datos no documento, alteraría os resultados e as medias. Éstas fanse, polo tanto, só con estes segundos sumandos.

Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m².

Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53, AMB, c. 3652.



Hórreo con celeiro datado no 1879 e construído por D. Agustín Leis Cernadas, feito do que deixou constancia mediante inscripcións nos dinteis das portas.

PARROQUIAS do "partido" de LEMA	VIÑA			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
San Paio de Brexo	4	31	7,7	2.860
Santa María Cambre	0	0	0	0
Santa María de Rutis	1	15	15	1.920
Santa María Chayán	0	0	0	0
S. Vicente Vilouchada	0	0	0	0
San Salvador Cecebre	0	0	0	0
Santa María de Noicela	0	0	0	0
Santiago de Traba	0	0	0	0
Santa María Serantes	0	0	0	0
San Juan de Borneiro	0	0	0	0
Santa María Restande	0	0	0	0
Santa Aia de Gorgullos	0	0	0	0
San Pedro de Xallas	0	0	0	0
S. Cibrao de Brives	0	0	0	0
Sta. Mª da Alvedron	0	0	0	0
Cidade da Coruña	0	0	0	0
Vila de Laxe	0	0	0	0
<i>Total:</i>	5	46	9,2	4.780
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² .				
Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.				

PARROQUIAS do "partido" de MONDOI	VIÑA			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
Santa Cruz de Mondoí	0	0	0	0
S. Pedro Porzomillos	0	0	0	0
San Salvador Colantres	3	1,5	0,5	333
San Xiao de Coirós	1	10,5	10,5	640
Santa María de Ois	0	0	0	0
San Pedro de Oza	0	0	0	0
Santa María de Cuiña	0	0	0	0
San Xiao de Mandaío	0	0	0	0
Santa María Dordaño	0	0	0	0
Santa Aia de Probaos	0	0	0	0
San Pedro de Borrifás	0	0	0	0
San Vicente de Arceo	0	0	0	0
San Martín de Andabao	0	0	0	0
Santa Cristina Folgoso	0	0	0	0
San Tirso Mabegondo	0	0	0	0
San Simón de Rodeiros	0	0	0	0
Santa Aia de Arca	0	0	0	0
San Estevo de Parada	0	0	0	0
Cidade de Compostela	0	0	0	0
Vila de Noia	0	0	0	0
Cidade de Pontevedra	0	0	0	0
Cidade de Betanzos	0	0	0	0
<i>Total:</i>	4	12	3	973
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² .				
Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.				



D. Agustín Leis Cernadas que gostaba de construir e, sempre, de deixar constancia de que el foi o constructor, tamén fixo este hórreo no pazo de Mondoí, tal como o documenta a inscripción:
 "AGUSTIN LEIS CERNADAS LO MANDO ACER EN 1868 (?) Y EN 1879 LE HIZO DAR
 NUEBA FORMA POR CURAR MAL PERDIASE MAIZ". Foto: Erias.

PARROQUIAS do "partido" de LEMA	MONTE			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
San Paio de Brexo	17	158,8	9,3	16.362
Santa María Cambre	2	11,5	5,7	880
Santa María de Rutis	0	0	0	0
Santa María Chayán	6+25	287,5+239,5	9,5	7.300
S. Vicente Vilouchada	2+3	466+32,8	10,9	2.620
San Salvador Cecebre	0	0	0	0
Santa María de Noicela	1+1	24+10	10	720
Santiago de Traba	1+1	20+40	40	60
Santa María Serantes	1+2	720+53	26,5	4.480
San Juan de Borneiro	2	25,8	12,9	280
Santa María Restande	1+4	16+76,5	19	600
Santa Aia de Gorgullos	5+14	372,2+158,8	11,3	1.760
San Pedro de Xallas	0	0	0	0
San Cibrao de Brives	0	0	0	0
Sta. M ^a de Alvedron	0	0	0	0
Cidade da Coruña	0	0	0	0
Vila de Laxe	0	0	0	0
<i>Total:</i>	17+71	1905,7+ 806,1	11,3	35.062
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² .				
Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.				

PARROQUIAS do "partido" de MONDOI	MONTE			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
Santa Cruz de Mondoí	49	544,1	11,1	55.958
S. Pedro Porzomillos	1	2	2	6.986
San Salvador Colantres	14	95,5	6,8	5.146
San Xiao de Coirós	11	56,8	5,1	2.413
Santa María de Ois	0	0	0	0
San Pedro de Oza	0	0	0	0
Santa María de Cuiña	1	20	20	220
San Xiao de Mandaio	0	0	0	0
Santa María Dordaño	26	164,5	6,3	2.001
Santa Aia de Probaos	17	136,4	8	1.046
San Pedro de Borrifás	2+18*	339+631,9	35,1	4.398
San Vicente de Arceo	0	0	0	0
San Martín de Andabao	2	56	28	320
Santa Cristina Folgoso	7	100,6	14,3	2.533
San Tirso Mabegondo	3	10,2	3,4	610
San Simón de Rodeiros	0	0	0	0
Santa Aia de Arca	2+5	520+108,5	89,7	4.100
S. Estevo de Parada	0	0	0	0
Cidade de Compostela	0	0	0	0
Vila de Noia	0	0	0	0
Cidade de Pontevedra	0	0	0	0
Cidade de Betanzos	0	0	0	0
Total:	2+138	678+1926,5	12,4	85.731

*A primeira cifra refírese a montes abertos e a segunda ós parcelados. Éstas últimas son as que se utilizan nas medias.

Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m².

Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.



Panteón dos Leis (e escudo no mesmo), arrimado polo Este á capela de "Nuestra Señora de la O": "SON PROPIEDAD DE AGUSTIN LEIS CERNADAS CORDIDO PARDO DE ANDRADE PATRONO DE ESTA CAPILLA LOS MANDO CONSTRUIR EN 1842 POR PROYBIRSE ENTERRAR DENTRO Y RECOMPUSO Y AUMENTO EN 1879". Fotos: Erias.

PARROQUIAS do "partido" de LEMA	PRADO			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
San Paio de Brexo	3	10,4	3,4	1.640
Santa María Cambre	0	0	0	0
Santa María de Rutis	1	4	4	1.920
Santa María Chayán	7	35,6	5	3.160
S. Vicente Vilouchada	1	7,8	7,8	480
San Salvador Cecebre	0	0	0	0
Santa María de Noicela	0	0	0	0
Santiago de Traba	1	0,8	0,8	160
Santa María Serantes	0	0	0	0
San Juan de Borneiro	0	0	0	0
Santa María Restande	2	3,5	1,7	580
Santa Aia de Gorgullos	1	2	2	160
San Pedro de Xallas	0	0	0	0
San Cibrao de Brives	0	0	0	0
Sta. M ^a de Alvedron	0	0	0	0
Cidade da Coruña	0	0	0	0
Vila de Laxe	0	0	0	0
Total:	16	64,1	4	8.100
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² . Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.				

PARROQUIAS do "partido" de MONDOI	PRADO			
	nº parcelas	superficie ferrados	media ferr/parcela	valor en reais/venda
Santa Cruz de Mondoí	13	17,6	1,3	5.093
S. Pedro Porzomillos	1	1,3	1,3	480
San Salvador Colantres	3	18,9	6,3	4.161
San Xiao de Coirós	3	25,5	8,5	2.880
Santa María de Ois	0	0	0	0
San Pedro de Oza	0	0	0	0
Santa María de Cuiña	1	5,7	5,7	453
San Xiao de Mandaio	0	0	0	0
Santa María Dordaño	4	17,8	4,4	1.226
Santa Aia de Probaos	6	29,2	4,8	1.160
San Pedro de Borrifás	1	4	4	446
San Vicente de Arceo	1	5,5	5,5	440
San Martín de Andabao	0	0	0	0
Santa Cristina Folgoso	1	4,8	4,8	396
San Tirso Mabegondo	0	0	0	0
San Simón de Rodeiros	0	0	0	0
Santa Aia de Arca	0	0	0	0
S. Estevo de Parada	0	0	0	0
Cidade de Compostela	0	0	0	0
Vila de Noia	0	0	0	0
Cidade de Pontevedra	0	0	0	0
Cidade de Betanzos	0	0	0	0
Total:	34	130,3	3,5	16.735
Ferrado de centeo da medida de Betanzos: 436 m ² . Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.				

COMPOSICIÓN DA RENDA FORAL no Partido de Mondoí, segundo a valoración reais/venda da partilla de mediados do s. XIX

localización	labradós	casas	censo
S. Estevo de Parada	1.280		
S ^{ta} Cruz de Mondoí	1.000	100	
S. Pedro de Borrifás			223
S. Pedro de Porzomillos			990
S. Martín de Andabao			164
cidade de Compostela	880	15.520	
vila de Noia			660
cidade de Pontevedra		723	
cidade de Betanzos			10.130
total:	3.160	16.343	12.167
%:	9,9%	51,6%	38,4

COMPOSICIÓN DA RENDA FORAL no Partido de Lema, "Renda eventual"
segundo a valoración reais/venda da partilla de med. s. XIX

localización	labradío	viña	prado	casas	labradío	viña
S ^{ta} M ^a de Rutis	1.900		840			
S. Cibrao de Brives	12.420	280			960	60
S. Paio de Brexo	600	240	560			
Alvedro	2.940					
S ^{ta} M ^a de Noicela				620		
S ^{ta} M ^a de Chayán	3.360					
cidade da Coruña				11.000		
vila de Laxe	1.920			1.980		
total:	23.140	520	1.400	13.600	960	60
%: renda foral	59,8%	1,3%	3,6%	35,1%		
% renda eventual					94,1%	5,8%
% renda foral + eventual	58,3%	1,3%	3,5%	34,2%	2,4%	0,1%
Fonte: "... partija... del don José [de Leis]" de 1847-53. AMB, c. 3652.						



Estes escudos están no pazo de Mondoí, pero non son orixinarios dali. Foron levados todos ou a maioría por D. Agustín Leis Bugallo na segunda metade do s. XX. O 1º, segundo Dª Amalia Leis Bugallo, procede dunha casa de Mandaio; o 2º, á beira da carretera, non sabemos de onde veu; o 3º ou o 4º estaba na vella casa dos Leis en Betanzos (hoxe dos Romay) antes de subirlle o último piso.